



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

D^a. SUSANA GALLARDO FARIÑA, SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO.

C E R T I F I C A: Que a Mesa Xeral de Negociación, na súa sesión **extraordinaria do 25 de outubro do 2021**, adoptou o seguinte acordo:

1.- CAPÍTULO I ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2022 (expediente electrónico nº 37833/220.

Dáse conta do informe técnico de sostibilidade de data 22/10/2021, asinado polo técnico de Organización e Planificación da área de RR HH e Formación e pola técnica de Formación e Avaliación da Área de RR HH e Formación, co seguinte contido:

“Ao expediente 37833/220 figuran anexados a data de emisión do presente informe os seguintes documentos e informes:

- Ocupación por estrutura organizativa
- Custo total por estado de cobertura
- Retribucións dotacións segundo oficina e programa
- Cadro de persoal ano 2022
- Informe técnico anteproxecto orzamento 2022
- Informe técnico respecto das modificacións introducidas no documento orzamentario do ano 2022.

Relaciónanse co mesmo expte. 9638/113 (doc. 210125269) e, os documentos 210094463, 210019276, 210131679, 210154393, 210154298, 210163743 e, 210165605 .

En data 20/07/2021, dase traslado ao técnico de organización e planificación de RR.HH e a técnica de avaliación e formación de RR.HH, as indicacións sobre custes de persoal no orzamento do ano 2022, asinado pola Superior Dirección Orzamentaria e Contable e conformado polo Concelleiro Delegado da Área, expte. 72/142, no que nun principio estimábase un crecemento dun 0,9% respecto das retribucións vixentes a 31/12/2021.

Con posterioridade, e a través de correo electrónico, ordénase efectuar os cálculos do incremento do capítulo I do Orzamento cunha previsión de incremento dun 2% respecto de 31 de decembro de 2021, actualización que só será aplicable aos conceptos 120, 121 (agás a 9200.121.0300), 130, 143, e aos axustes nas bases de cotización da Seguridade Social.

Por outra banda, apuntase que “A documentación que se remita, deberá ter reflectidos os cambios que se produciron ata a data. Con posterioridade á mesma, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto**, xa que o Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xenere a carga da nómina



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2021 11:59	Páxina 1 de 13
Expediente 37833/220	CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

do mes de xaneiro do ano 2022, en consecuencia os cambios de postos dun programa orzamentario a outro, unha vez que se formen os datos para o Orzamento 2022, deberán diferirse ao ano seguinte. Si o acordo se adopta no ano 2021, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos deberán conter esta condición explícita.”.

Indícase así mesmo e en relación ás **prazas que non estean asociadas a ningunha Oferta de Emprego Público, plantéxase a** avaliación técnica e da oportunidade política, de acometer una racionalización das mesmas, mediante un proceso de amortización e creación de prazas axeitadas aos obxectivos estratéxicos da Organización.

Apúntase que “tomando como base certa, a escasa ou **nula posibilidade de crecemento real dos recursos orzamentarios**, as melloras de cada servizo, coa excepción dunha imposición organizativa por mandato legal, deberán ser obxecto de **autofinanciamento**, é dicir, cos axustes do propio servizo, deste xeito, non se limita a mellora técnica dos outros servizos, as variacións do gasto, en termos xerais, van a ser basicamente de tipo cualitativo.”

Con ditas indicacións procédese a tramitación de expediente administrativo tendente á elaboración, no contexto do marco legal vixente, do borrador de anteproxecto de Capítulo I de gastos en materia de persoal para o ano 2022, incluíndo os informes técnicos necesarios, xunto con aqueles procedentes, aos efectos da súa remisión á unidade responsable da formación do Proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio 2022, procedendo en primeiro lugar ao cotexo e depuración dos postos incluídos na RPT do programa GINPIX, toda vez que estes son a base de calculo do proxecto de orzamento para o ano 2022.

Consta no expediente de referencia, orde de servizo asinada pola concelleira-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 10/06/2021 na que se ordena a incoación de expediente administrativo tendente á elaboración, no contexto do marco normativo vixente, do **anteproxecto de Capítulo I de gastos en materia de persoal para o ano 2022**, que deberá incluír os informes e documentación técnica procedentes, aos efectos da súa remisión á unidade responsable da formación dos Orzamentos.

Deste xeito e a vista das indicacións da Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación procédese a actualización dos custes do capítulo 1 que son obxecto de aplicación para o proxecto de orzamentos do ano 2022, nos conceptos 100, 110, 120, 121, 130, 143 e 160.

En relación ao porcentaxe de actualización dos Gastos de persoal se realiza un incremento dun 2% sobre as retribucións dos postos vixentes en agosto de 2021, supoñendo una variación dun 2,9% sobre o orzamentado no ano 2021 nas aplicacións 120, 12, 130 e, 143.

Con respecto ao concepto 160 se incrementan os topes máximos contemplados no orzamento do ano 2021 nun 2%, procedéndose así mesmo aos axustes respecto das porcentaxes de cotización das 301 vacantes existentes segundo os informes técnicos que figuran no presente expediente.

En consecuencia e de acordo coas directrices proporcionadas pola Superior Dirección da Contabilidade e Orzamentación, a vista do artigo 172.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, elabórase informe técnico no que se recolle o importe do Capítulo I de Gastos para o vindeiro ano 2022, que ascende a un total de 72.418.066,89€.

En relación co referido borrador cumpre informar o seguinte:

1.- Aplicación orzamentaria 92001400000.- Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59

Páxina 2 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

En relación con este tipo de nomeamentos interinos, hai que estar á reclamación que Comisión Europea fai a España sobre a temporalidade no sector público, sendo un dos males nos que sempre encalla o mercado de traballo español. En todo caso, e tendo en conta a necesidade de limitar este tipo de nomeamentos, deberase priorizar o nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante para aquelas tarefas que requiren dun período de aprendizaxe longo, sempre e cando a devandita praza esté incluída nunha Oferta de Emprego Público aprobada, e as necesidades a cubrir non sexan consecuencia dunha carga puntual, senón que teñan causa nunha necesidade ordinaria, de aí, que o posto correspondente á devandita praza haxa que mantela cuberta até a execución da OEP na que estea incluída, tendo como límite un prazo máximo de tres anos.

En relación co resto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, hai que limitalas aos supostos imprescindibles para dar cobertura ás quendas por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos de persoal ou acumulacións de tarefas sobreadas que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, non aplicable aos supostos de necesidades ordinarias e estables.

Para a incorporación deste persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas e a existencia de recursos dispoñibles para a súa contratación ou nomeamento.

CADRO RESUMO SITUACIÓN PARTIDA 920.0.140.0000 a data 13/10/2021

CRÉDITO INICIAL	767.629,27€
SUPLEMENTO CRÉDITO (Modificacións realizadas)	1.849.516,28€
Total partida 13/10/2021	2.617.145,55€
Gasto autorizado a 13/10/2021-Fase A	2.459.979,33€
Compromiso de gasto – Fase D	1.477.238,40€
Obligacións recocidas Fase O	1.477.238,40€
Disponible partida	157.166,22€
Expedientes informados Área pendentes tramitación	21.129,91€
SALDO ACTUAL	136.036,31€

Por último, recórdase que os gastos xa comprometidos en expedientes de programas supoñen en canto a **retribucións** os seguintes importes para o ano 2022 e, 2023:

2022: 326.599,49€ **2023:** 108.587,29€

Importes programas exptes. 36657/220, 37057/220, 37314/220, 37522/220, 38061/220, 38397/220 e, 38493/220.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59 Páxina 3 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

No que respecta aos custes de **Seguridade Social a cargo do Empregador (aplicación orzamentaria 920.0.160.0099)**, os importes dos programas dos expedientes citados anteriormente, supoñen os seguintes importes para o ano 2022 e, 2023:

2022: 95.824,23€ **2023:** 29.044,36€

2.- Aplicación 920.0.1410000.- “Indemnizacións por sentenzas xudiciais”

En relación coa referida partida 920.0.1410000, propónse un crédito inicial de 72.000,00 €,

No vixente orzamento o crédito inicial foi de 72.000,00€, habéndose autorizado gasto por importe de 107.074,32€ sendo o saldo a data de emisión do presente informe de -69.845,57€ .

Deberá preverse a pertinente modificación de crédito non utilizado de postos vacantes, no caso de ser insuficiente a dotación inicial da mesma.

3.- Aplicación 920.0.143.0001.- Persoal indefinido por sentenza xudicial.

En canto á aplicación 920.0.1430000, cunha dotación inicial no orzamento do ano 2022 de 1.307.203,52€, considérase que o crédito é inicialmente suficiente, para o aboamento das retribucións dos 37 traballadores indefinidos que na actualidade contan con relación laboral indefinida non fixa.

O crédito inicial do orzamento 2021 foi de 1.221.141,37€, téndose recoñecido ata a data (nómina setembro), obrigacións por importe de 894.871,23€, polo que estimase un gasto a 31/12/2021 de 1.252.819,72€.

4.- Aplicación 920.0.1500000.- Productividade Servizos Municipais.

No anteproxecto de orzamento 2022, o crédito inicial da partida 920.0.150.0000 establécese nun importe de 160.000,00 €.

Con cargo a dita partida estímase un gasto polo aboamento dos complementos de produtividade contemplados nas instrucións de plantilla.

5.- Aplicación 132.0.1500000.- Productividade Servizo Policía Local

No anteproxecto de orzamento 2022, o crédito inicial da partida 132.0.1500000 establécese nun importe de 240.000,00 €.

Con cargo a dita partida imputarase o gasto ocasionado polo complemento de produtividade a aboar en concepto de programa de dispoñibilidade ao persoal do Corpo. Deberase ter en conta que os incrementos nesta aplicación orzamentaria realizados mediante as correspondentes modificacións de crédito realizaranse cos créditos mensuais non consumidos correspondentes aos postos vacantes do programa 132.0.

6.- Aplicación 136.0.1500000.- Productividade Servizo Extinción Incendios

No anteproxecto de orzamento 2022, o crédito inicial da partida 136.0.1500000 establécese nun importe de 20.000,00€.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59

Páxina 4 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

No caso de estimarse a necesidade de aprobación dalgún expediente de complemento de produtividade para o persoal deste Servizo que supere o crédito inicial desta aplicación orzamentaria, estará supeditado a existencia de crédito non consumido dos postos vacantes do programa 136.0 que permita realizar a pertinente modificación de crédito.

7.- Aplicación 920.0.151.00.00.- Gratificacións Servizos Municipais.

O crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capítulo I de gastos do Orzamento 2022 é de 150.000,00€.

Deberá preverse as pertinentes modificacións de créditos non consumidos da totalidade dos postos vacantes, excepto as dos programas 132.0 e 136.0, estando supeditado aos créditos existentes en cada momento.

8.- Aplicación 132.0.151.00.00.- Gratificacións Corpo Policía Local.

O crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capítulo I de gastos do Orzamento 2022 é de 50.000,00€.

Con cargo a dita partida imputarase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 132.0. No caso de ser insuficientes realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario.

9.- Aplicación 136.0.151.00.00.- Reforzos e outras gratificacións Servizo Extinción Incendios.

O crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capítulo I de gastos do Orzamento 2022 é de 190.000,00€.

Con cargo a dita partida imputarase o gastos en concepto de gratificacións do persoal do programa 136.0. No caso de ser insuficientes realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes con créditos non consumidos dos postos vacantes neste programa orzamentario.

En canto as contías máximas do gasto imputable aos concepto de produtividade e gratificacións estarase ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento que se aproben para o ano 2022, segundo os porcentaxes dispostos no Real Decreto 861/1986, polo que deberan adoptarse as medidas oportunas para que o gasto anual nas devanditas partidas non superen os límites fixados.

10.- Respecto da partida de **Seguridade Social a cargo da empresa**, cun crédito inicial fixado na cantidade de 16.532.021,93€ que engloba o custo dos seguros sociais dos postos da vixente R.P.T., do Plan de Emprego Municipal, programa DUSI, nomeamentos interinos sen praza, así como a dos membros da corporación con dedicación exclusiva e parcial, faise constar que a mesma recolle o custe das cotizacións dos empregados polas súas retribucións fixas (soldo inicial e antigüidade e o importe do complemento de destino e específico), así como a achega municipal ao plan de pensións, descoñecendo neste intre as posibles variacións que se podan incluír na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano. Dótase así mesmo unha partida (132.0.160.0001), en previsión da aplicación do impacto no custe da seguridade social pola aplicación da revisión retributiva dos postos da Policía Local conforme ao estudo de APT e VPT realizado.

En relación á tramitación do custe mensual da Seguridade Social a Cargo do empregado, ao quedar sen efecto a Orde ISM/888/2020, de 20 de setembro, de modalidade de pagos a conta, a partires do



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59

Páxina 5 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

1 de xaneiro do ano 2022, é de aplicación o sistema de pago previsto no artigo 56.1 do Regulamento Xeral de Recadación da Seguridade Social, en consecuencia, as liquidacións ingresaranse dentro do mes seguinte ao que corresponda o devengo. En aplicación deste requisito, o primeiro mes que se aplicará este criterio será para a liquidación do mes de decembro do ano 2021 que terá o seu ingreso no mes de xaneiro do ano 2022.

A Área de RR.HH e Formación, coa descarga de información do aplicativo SILTRA dentro do sistema RED, verificará a liquidación directa que faga a TXSS, e terá que remitir ao Servizo de Contabilidade, a liquidación correspondente aos devengos do mes anterior.

Os cálculos realizáanse sobre os topes máximos do ano 2021, nembargantes non se inclúe no custe das 301 prazas vacantes, a porcentaxe correspondente ao Fondo de Desemprego, en base ao informe que figura no expediente 72/142 relacionado co presente expediente. Calquera outra retribución devengada (gratificacións, produtividade, nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, etc) terá a súa repercusión na súa base de cotización e conseguintemente no custe de seguridade social.

11.- Aplicación 221.0.161.0400.- “Reserva para xubilación anticipada”

Dótase esta partida cun crédito inicial de 1.000,00€, acorde á xurisprudencia vixente sobre esta materia e aos informes xurídicos da Área de RRHH e Formación.

12.- Aplicación 221.0.127.0000.- “Plan de Pensiós”

Dótase esta partida coa cantidade de 545.781,60€, efectuándose o cálculo no caso de que se subscriba o mesmo un máximo de 680 traballadores ao tope máximo de 57,33€ de achega municipal en 14 mensualidades, significando que o gasto executado unha vez contabilizada a nómina de setembro 2021 é de 348.881,37 €.

13.- Reordenación técnica dos recursos humanos.

En relación ás prazas que non estean asociadas a ningunha Oferta de Emprego Público, aos efectos de procurar unha xestión máis axustada a realidade e de obter a máxima eficiente no gasto, é necesario avaliar tecnicamente e conxuntamente coa oportunidade política, a posibilidade de acometer unha racionalización das prazas non asociadas a OEP, mediante un proceso de amortización da mesmas e creación de prazas axeitadas aos obxectivos do lexislador (Lei 7/2007, Lei 39/2015 e Lei 40/2015, xuntamente con RD 3/2010, ENS, 4/2010 ENI e o novo Regulamento UE 2016/679, de protección de datos das persoas físicas), así como todos os requirimentos que veñen determinados pola Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e normativa de desenvolvemento, etc.

Unha vez acometido todo o proceso, tomando como base certa a **nula posibilidade de crecemento real dos recursos orzamentarios**, as melloras de cada servizo, coa excepción dunha imposición organizativa por mandato legal, deberán ser, basicamente, no seu conxunto de xeito cualitativo.

Para garantir unha xestión eficiente das novas prazas creadas, significar que a metade destas prazas (tres técnicos/as administración da rama xurídica e un economista) se adscriben a Área de RR.HH e Formación. Enténdese que no momento que os titulares destes postos presten servizo noutras unidades organizativas, deberán realizarse as conseguintes modificacións, tanto da RPT como orzamentarias, ao obxecto da súa correcta imputación orzamentaria.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59 Páxina 6 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

En resumo, se pode concluír, que o proceso de racionalización dos recursos existentes, non ten porque supor un incremento do custe do capítulo 1, dos gastos de persoal, senón que hai que orientar o esforzo á mellora dos resultados cos medios actuais.

En base ao anterior significar que foron amortizadas/racionalizadas un total de 53 prazas do Cadro de Persoal Municipal (24 de funcionarios/as de carreira e 29 de persoal laboral). Pola contra, foron creadas 14 novas prazas de funcionario/a de carreira (1 Técnico/a de Administración Xeral-rama económica, 1 Técnico/a de Xestión, 1 Suboficial SEIS, 1 Bombeiro, 1 programador de informática, 1 Subalterno, 1 Enxeñeiro/a Software, 2 Enxeñeiros/as Camiños, Canais e Portos, 1 Enxeñeiro/a Industrial, 3 Técnicos de Administración Xeral -rama xurídica- e, 1 Economista, resultando un total de 1370 prazas, das que 1030 se corresponden a persoal funcionario de carreira, 320 a persoal laboral e, 20 a persoal eventual.

O resto dos créditos das prazas amortizadas teñen por finalidade incorporar dotacións económicas para afrontar a revisión retributiva dos postos de traballo do Corpo da Policía Local, conforme ao estudo de APT e VPT realizado.

CONCLUSIÓNS

Tendo en conta o número de postos vacantes existentes neste intre, que ascende a 301, entre as que se atopan as incluídas nas Ofertas de Emprego publico pendentes de execución, as aplicacións orzamentarias anteriores cun gasto posiblemente maior ao presupostado inicialmente, terían a cobertura orzamentaria necesaria, mediante as pertinentes modificacións de créditos coa baixa dos créditos non consumidos dos postos vacantes ata as datas de execución das devanditas ofertas pendentes, sen prexuízo da posibilidade de racionalización do orzamento mediante a amortización das prazas non necesarias e o incremento de ditos créditos nas aplicacións deficitarias.

De todos os xeitos deberían terse en conta as seguintes observacións:

- Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e limitadas no tempo. Para a incorporación deste persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.
- O cumprimento riguroso dos procedementos legais que eviten as reclamacións que ocasiona o aboamento de indemnizacións por sentenzas xudiciais e evite prexuízos posteriores nas arcas municipais.
- A necesidade de realización dun exercicio de responsabilidade por parte de tódolos integrantes da organización municipal co obxectivo de optimizar ao máximo os recursos humanos existentes.
- A adopción de medidas de racionalización, reestruturación e optimización de recursos humanos incluíndo o fomento da mobilidade e da rotación do persoal, nos diferentes departamentos e servizos, baseándose en criterios de eficacia e eficiencia, realizando un correcto aproveitamento dos mesmos que supoña un aforro e unha optimización do persoal, valorando o capital de coñecementos da estrutura e utilizándoos para un bo funcionamento da Institución pública, en resumo o aproveitamento dos coñecementos do Cadro de Persoal en beneficio das arcas municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59 Páxina 7 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

- A adopción de medidas de redución do gasto imputable as partidas de produtividade. A dotación inicial das mesmas, posibilita afrontar os gastos ocasionados por aquelas situacións habituais contempladas nas vixentes instrucións do Cadro de Persoal. Calquera outra proposta con gasto imputable a dita partida deberá ser analizada, informada e proposta ao órgano competente para resolver pola Area de Recursos Humanos e Formación, centro xestor do gasto.
- Proponse a revisión dos criterios en canto a autorización de exceso de xornada ao persoal dos servizos municipais ao obxecto de reducir o gasto por este concepto e estes se fagan extensibles ao persoal dos Servizos da Policía Local e Extinción de Incendios.
- Así mesmo, recoméndase que por parte da Concelleira delegada da area de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal se ditén as oportunas instrucións para que por parte das xefaturas dos servizos se realicen os axustes necesarios en canto a do persoal, simplificación de cargas, reparto de tarefas, distribucións de quendas e, cantas medidas sexa posible aplicar aos efectos de eliminar ou reducir o máximo posible os gastos imputables a estas partidas orzamentarias (produtividade, gratificacións por servizos extraordinarios, programas de dispoñibilidade, etc).

En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capítulo I de gastos respetando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento e sendo de cumprimento obrigatorio o previsto na vixente Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

Dáse conta do informe-borrador técnico do Capítulo I de gastos para inclusión no anteproxecto de orzamentos municipais para o exercicio 2022, asinado en data 22/10/2021, polo técnico de Organización e Planificación da área de RR HH e Formación, pola xefa de área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, co seguinte contido:

“Tendo solicitado informe respecto aos custes do Capítulo I, segundo as instrucións da Dirección Superior contable e orzamentaria contida no expte 72/142, pola presente e nos termos establecidos no RD 2568/1986, de 28 de novembro, procédese á emisión dos informes técnicos necesarios para a elaboración do anteproxecto do Capítulo I do orzamento 2022:

O Capítulo I de Gastos para o vindeiro ano 2022, ascende a un total de **72.418.066,89€**. En relación ao porcentaxe de actualización dos Gastos de persoal realízase cunha previsión de incremento dun 2% respecto das retribucións vixentes a 31 de decembro do presente ano (os cálculos fixéronse coa última versión de ginpix do mes de agosto pasado, sobre que se aplicou unha variación do 2%, nas aplicacións 120, 121 e, 130.

Con respecto ao concepto 160 se manteñen os topes máximos contemplados para o ano 2021 previstos na Lei 11/2020, do 30 de decembro de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, incrementados nun 2% e, segundo a seguinte distribución:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59

Páxina 8 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

CÓD.	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE	TOTAIS
1	RETRIBUCIÓN PERSOAL			
	Soldo Funcionarios (1)120	11.955.143,34	
	Antigüidade (1)121	2.284.436,98	
	Retribucións complementarias (1)		24.034.357,48	
	Aplicación estudio revisión retribucións festiv. e nocturn. Policía Local (1)	132.0.121.0198	755.000,00	
	Retribucións persoal laboral (1)130	8.845.136,76	
	Grao persoal		0,00	
	Persoal eventual	912.0.110.00.00	652.380,68	
	Productividade Servizos Municipais	920.0.150.00.00	160.000,00	
	Productividade Servizo Policía Local	132.0.150.00.00	240.000,00	
	Productividade Servizo S.E.I.S.	136.0.150.00.00	20.000,00	
	Gratificacións Servizos Municipais	920.0.151.00.00	150.000,00	
	Gratificacións Servizo Policía Local	132.0.151.00.00	50.000,00	
	Reforzos e outras gratificacións	136.0.151.00.00	190.000,00	
	SUBTOTAL			49.336.455,24 €
2	SEGUROS SOCIAIS (2)			
	Seguridade Social cargo Empresa160.00.00	15.124.560,00	
	Seguridade Social Organos de Goberno160.00.00	225.282,96	
	Seguridade social persoal indefinido por sentenza160.00.00	430.777,08	
	Seguridade Social Plan de Emprego	241.0.160.00.01	300.000,00	
	Seguridade Social Programa DUSI	920.0.160.00.10	30.000,00	
	Seguridade Social interinaxes sen praza	920.0.160.00.99	182.401,89	
	Seguridade Social axustes	132.0.160.00.02	1.000,00	
	Seguridade Social incremento retribucións Policía Local	132.0.160.00.01	238.000,00	
	SUBTOTAL (2)			16.532.021,93 €
3	COMPLEMENTO DE PENSIONES			
	Complemento de pensións por xubilacións	221.0.161.03.02	5.469,44	
	SUBTOTAL			5.469,44 €
4	ABONO INCAPAC. TEMP. DURACIÓN TRAM. INVALIDEZ			
	Abono incapacidade temporal duración tramitación invalidez	920.0.141.01.00	1.000,00	
	SUBTOTAL			1.000,00 €
5	RETRIBUCIÓN MEMBROS CORPORACIÓN			
	Membros corporación dedicación exclusiva	912.0.100.00.00	785.892,58	
	Membros corporación dedicación parcial	912.0.100.00.00	135.033,84	
	SUBTOTAL			920.926,42 €
6	FOMENTO DO EMPREGO			
	Reserva para xubilación anticipada	221.0.161.04.00	1.000,00	
	Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente (3)	920.0.140.00.00	767.629,27	
	Persoal indefinido por sentenza (4)	920.0.143.00.01	1.307.203,52	
	Plan de emprego e Inserción Laboral DUSI	241.0.131.00.00	1.200.000,00	
	Programa DUSI	920.0.131.00.10	120.000,00	
	Programa inserción laboral mulleres violencia xénero	241.0.131.00.01	25.000,00	
	Programa 1ª experiencia laboral para menores 30 anos	241.0.131.00.02	50.000,00	





Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

CÓD.	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE	TOTAIS
	SUBTOTAL			3.470.832,79 €
7	FONDO SOCIAL (ART. 30 Acordo Regulador)	221.0.162.04.00	430.000,00	
	SUBTOTAL			430.000,00 €
8	PLAN DE PENSIÓNS (Disp. Transitoria 6º acordo regulador) (5)	221.0.127.00.00	545.781,60	
	SUBTOTAL			545.781,60 €
9	FORMACIÓN DO PERSOAL			
	Formación do persoal municipal	...162.00.00	52.358,34	
	SUBTOTAL			52.358,34 €
10	SEGURO COLECTIVO VIDA E ACCIDENTES	221.0.162.05.00	89.000,00	
	SUBTOTAL			89.000,00 €
11	ART. 34 ACORDO REGULADOR (Fins culturais/deportivos)	920.0.162.04.00	6.010,12	
	SUBTOTAL			6.010,12 €
12	ART. 35 E 37 ACORDO REGULADOR (Cobertura continxencias especiais)			
	Asistencia médico sanitaria no estranxeiro	221.0.160.08.01	601,01	
	Seguro vida accidentes persoal contratado	221.0.162.05.01	70.000,00	
	Seguro accidentes vehículos municipais	920.0.162.05.01	1.803,04	
	Seguro carnet conducir condutores	920.0.162.05.02	1.095,96	
	SUBTOTAL			73.500,01 €
13	INDEMNIZACIÓNS POR SENTENCIAS XUDICIAIS OU RESOLUCIÓNS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS			
	Persoal funcionario, laboral e eventual	920.0.141.00.00	72.000,00	
	SUBTOTAL			72.000,00 €
14	ASISTENCIA MÉDICA PERSOAL			
	Vixancia saúde (P.R.L.)	221.0.160.08.00	178.500,00	
	Asistencia médica "mergullo" Servicio Extinción de Incendios	136.0.160.08.00	2.000,00	
	SUBTOTAL			180.500,00 €
15	FONDO REGULARIZACION RETRIBUCIONES			
	Fondo adecuación retributiva 2022 (6)	920.0.121.03.00	50.000,00	
	Fondo adecuación retributiva Policía Local 2022 (7)	132.0.121.01.99	650.000,00	
	SUBTOTAL			700.000,00 €
16	OUTROS CONCEPTOS ESCOLA DE ARTES E OFICIOS			
	Póliza seguro vida EMAO	326.1.162.05.00	1.211,00	
	SUBTOTAL			1.211,00 €
17	OUTROS CONCEPTOS IMD			
	Póliza seguro vida IMD	342.0.162.05.00	1.000,00	
	SUBTOTAL			1.000,00 €
	TOTAL			72.418.066,89 €

(*) A porcentaxe de actualización dos gastos de persoal e seguridade social foron realizados en base ao directrices contidas nos informes do Responsable Superior Contable e Orzamentación anexados ao expediente 72/142, relacionado co 37833/220.





Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

De conformidade con el art. 24 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Excmo. Concello de Vigo, o saldo vivo para anticipos durante o ano 2022 será de 601.012,10 €, sen prexuízo de establecer un crédito aberto de ata 120.202,42 € para necesidades familiares extraordinarias e urxentes.

(1).- Incluíronse no Cadro de Persoal os custos de 7 prazas vacantes que foron racionalizadas no Cadro de Persoal Orzamentario vixente (1 Técnico/a de Organización e Xestión de RRHH, 2 Cabos Extinción de Incendios, 2 auxiliares de administración xeral, 1 oficial oficios en réxime laboral e, 1 axudante de oficios). Ditas prazas foron reconvertidas en 6 prazas de persoal funcionario (1 Técnico/a de Xestión, 1 Suboficial e 1 Bombeiro de Extinción de Incendios, 1 Técnico de Administración Xeral (rama económica), 1 Programador/a Informática e, 1 Subalerno) que pasan a formar parte do cadro de persoal orzamentario.

Por outra banda foron amortizadas outras 46 prazas non asociadas a ningunha oferta de emprego xa aprobada e correspondentes a perfís profesionais de necesaria revisión e, por conseguinte fora da taxa de reposición de efectivos, que en consecuencia non poderían cubrirse nin tan sequera interinamente, 1 Titular Tribunal Recursos Contractuais, 1 Enxeñeiro da Edificación, 2 Delineantes, 1 Inspector/a Control Concesionarias, 1 Inspector Obras, Servizos e Infraestruturas, 5 Auxiliares Administración Xeral, 1 Auxiliar Servizos Internos réxime Funcionario Carreira, 1 Auxiliar Servizos Internos en réxime laboral, 1 Inspector/a Consumo, 1 Auxiliar Laboratorio, 2 Auxiliares Biblioteca, 1 Alguacil/Notificador/a, 2 Subalternos, 2 Capataz de oficios, 18 oficiais e 6 axudantes de oficios, resultando un total de 1370 prazas, das que 1030 se corresponden a persoal funcionario de carreira, 320 a persoal laboral e, 20 a persoal eventual. O custe desas 46 vacantes, por importe total de 1.695.529,30€ permanece no Capítulo I de gastos para o cumprimento do equilibrio financeiro e presupostario do mesmo.

En resumo, foron amortizadas/racionalizadas un total de 53 prazas do Cadro de Persoal Municipal (24 de funcionarios/as de carreira e, 29 de persoal laboral). Pola contra, foron creadas 14 novas prazas de funcionario/a de carreira (1 Técnico/a de Administración Xeral-rama económica, 1 Técnico/a de Xestión, 1 Suboficial SEIS, 1 Bombeiro, 1 programador de informática, 1 Subalerno, 1 Enxeñeiro/a Software, 2 Enxeñeiros/as Camiños, Canais e Portos, 1 Enxeñeiro/a Industrial, 3 Técnicos de Administración Xeral -rama xurídica- e, 1 Economista. Os recursos excedentes tiveron por finalidade incorporar dotacións económicas para afrontar a revisión retributiva dos postos de traballo do Corpo da Policía Local, conforme ao estudio de APT e VPT realizado.

Así mesmo, segundo se desprende da sentenza do Tribunal Supremo nº 3076/2020, racionalízanse en persoal laboral as prazas incluídas nas convocatorias das OEPs 2017, 2018 e, 2019 seguintes:

- 1 Administrativo/a Administración Xeral da quenda libre-OEP-2017
- 4 Técnico/a de Xestión da quenda libre, tres delas da OEP-2017 e unha da OEP-2018, que pasan a denominarse "Técnico/a Xestión Programas en réxime laboral".
- 1 Técnico/a Superior Actividades Culturais e Educativas, da quenda libre, OEP-2017
- 1 Delineante, quenda libre, OEP-2017
- 1 Técnico/a medio servizos económicos, quenda libre, da OEP-2018
- 1 Diplomado/a Traballo Social, quenda libre, OEP-2019
- 1 Educador Social, praza aínda non incluída en ningunha das ofertas de emprego pendentes de execución.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59 Páxina 11 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

(2).- Engloba o custo da Seguridade Social dos postos da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello, do Plan de Emprego Municipal, Programa -DUSI, interinaxes sen praza, Programa Inserción Laboral Mulleres Violencia de Xénero e, Programa primeira experiencia laboral para menores de 30 anos, así como dos membros/as da corporación con dedicación exclusiva e parcial.

(3).- En relación á aplicación 9200.1400000, interinidades sen praza (temporais e programas), dótase cunha contía inicial de 767.629,27€ para dar cobertura ao gasto xa aprobado e comprometido ata a data do presente informe, No transcurso do vindeiro ano 2022, as 301 prazas vacantes en plantilla das 1370 existentes, xerarán un excedente mensual de aproximadamente 600.000,00€, cantidade que verase reducida en función das execucións das ofertas de emprego pendentes e, que será utilizable como recursos para a tramitación das posibles modificacións orzamentarias para suplementar esta aplicación e dótala de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura aos futuros acordos que por este concepto se adopten.

(4).- En canto á aplicación 9200.1430000, cunha dotación inicial no orzamento do ano 2022 de 1.307.203,52€, custe real dos 37 traballadores que contan neste intre coa condición de relación laboral indefinida non fixa, toda vez que a situación deste persoal a vista do informe xurídico de data 08/07/2019 contido no expediente 34043/220, sigue pendente de análise o seu procedemento de regularización.

(5).- Este importe calcúlase supoñendo que o plan o subscriba un máximo de 680 traballadores/as ó tope máximo de 57,33€ de achega municipal, en 14 mensualidades.

(6).- Dótase a aplicación 920.0.121.03.00 inicialmente nunha contía de 50.000.00€ aos efectos da realización, no caso de ser necesario, das modificacións puntuais dos postos contidos na R.P.T.

(7).- Dótase a aplicación 920.0.121.04.00 inicialmente nunha contía de 650.000.00€ aos efectos de dotar o incremento euros/punto do Complemento Específico dos postos do Corpo da Policía Local, que posibilite acometer a revisión retributiva dos postos de traballo do Corpo da Policía Local, conforme ao estudio de APT y VPT realizado."

(..)

Tras o debate, expresa a súa conformidade cos termos do precedente informe a representación sindical de UXT e SICO, non estando conformes cos ditos termos os representantes sindicais de CCOO e CIG.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta conforme o artigo 19.5 da Lei 40/2015, do, 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e co visto e prace da presidenta, concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

SGF/rs.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL-SUSANA GALLARDO FARIÑA



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59

Páxina 12 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. Mesa Xeral de Negociación n.º 38666/220

A PRESIDENTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN-PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/10/2021 11:59

Páxina 13 de 13

Expediente 37833/220

CSV: 228AAA-2AC6DH-C843CB-7XWW8V-RBKY38-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>